



## DESEÑO E IMPRESIÓN 3D

### QUE É A IMPRESIÓN 3D?

Para a impresión 3D utilízase o deseño asistido por computador (CAD) co obxectivo de crear obxectos tridimensionais mediante un método de estratificación.

A creación dun obxecto impreso en 3D conséguese mediante procesos aditivos. Nun proceso aditivo créase un obxecto colocando capas sucesivas de material ata que se forma todo o obxecto.

En ocasións denominada fabricación aditiva, a impresión 3D consiste en estratificar materiais, como plásticos, materiais compostos ou biomateriais, para crear obxectos con distintas formas, tamaños, rixidez e cores.

En resumidas contas, a impresión 3D pode proporcionar un gran aforro nos custos de montaxe porque pode imprimir produtos xa montados.

Desta forma, as empresas poden agora experimentar con novas ideas e numerosas variacións de deseño sen necesidade de investir moito tempo nin gastar en ferramentas.

Este tipo de tecnoloxía é xa unha realidade que está a impactar en moitos sectores, como o da automoción, o sanitario, o dos equipos industriais, o da educación, o da arquitectura e o dos produtos de consumo.

### ACTIVIDADES REALIZADAS

Deseño e impresión en 3D de chaveiros personalizados para recadar fondos para a excursión de fin de curso e etapa, e despedida do alumnado de 4º da ESO.





Os nenos e nenas de 3º de primaria visitaron a aula de tecnoloxía e aprenderon como se diseña e imprime en 3D.



Como estaban estudando os tiburóns , imprimimos chaveiros para todos con unha quenlla articulada.

